



Ferrol a 30 de marzo de 2020

Benqueridas familias,

Poñémonos en contacto con vós para informaros dos seguintes puntos :

SEGUNDA AVALIACIÓN

O pasado 27 de marzo recibimos instrucións da Inspección Educativa con respecto á avaliación do alumnado desde que se decretou o estado de alarma, o pasado luns 16 de marzo. Son as seguintes: "Non serán avaliadas as actividades relacionadas cos contidos curriculares realizadas polo alumnado con posterioridade á data de declaración do estado de alarma. En consecuencia, aqueles centros que non teñan formalizado o peche da avaliación do segundo trimestre procederán a formalizalo co traballo desenvolvido ata dita data".

Polo tanto, procederemos a cerrar a avaliación coas notas e o material que temos, do alumnado, ata o día 12 de marzo. As cualificacións desta 2.ª avaliación enviaranse por correo e publicaranse en Educamos o próximo sábado 4 de abril.

Recordámosvos que segundo as instrucións do 13 de marzo da Consellería respecto ao alumnado, este período de suspensión de clases presenciais non é un período vacacional senón que o alumnado debe continuar co seu proceso educativo nos seus domicilios seguindo as actividades propostas polo profesorado. O seguimento destas actividades será rexistrado polos profesores polo que, dentro das posibilidades de cada familia e comprendendo cada situación particular, os alumnos e alumnas deben realizar as tarefas propostas.

Como sodes conscientes, as clases seguirán sendo virtuais mentres dende a Administración, non decidan o contrario.

SEMANA SANTA

Dado que o calendario escolar segue en vixencia, o 3 de abril comezarían as vacacións, reanudándose as clases o martes 14 de abril. Durante a Semana Santa non se subirán materiais ás diferentes aulas virtuais pero si ata o venres 3 de abril.

TERCEIRA AVALIACIÓN

Respecto ao desenvolvemento da 3.ª avaliación, será en abril cando se decreten as instrucións a seguir. Ata agora só sabemos das declaracións da ministra de Educación nos medios de comunicación, pero estas informacións teñen que ser concretadas polas distintas Administracións, no noso caso pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional de Galicia.

Manterémosvos informados do xeito de facer as recuperacións de materias, para os alumnos de ESO, en canto saibamos como se desenvolve o terceiro trimestre.

Dende o Centro pedímosvos comprensión nestes difíciles momentos que estamos a vivir e nos que todos, familias, alumnos e profesores intentamos adaptarnos o mellor posible. Informarémosvos puntualmente de calquera novidade da que teñamos notificación oficial.

Desexándovos unha vez máis ánimo para superar esta complicada situación, enviámosvos un cordial saúdo.

A Dirección e o profesorado.

